



MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E ASOCIACIÓN GALEGA DE AXUDA A UCRAÍNA (AGA-UCRAÍNA) PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO DE "ATENCIÓN SANITARIA MÓBIL NOS TERRITORIOS DESOCUPADOS DE UCRAÍNA".

(1) A Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a través da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE e da súa Subdirección Xeral de Cooperación Exterior, é o órgano da Administración autonómica que ten atribuído o exercicio das competencias en materia de cooperación para o desenvolvemento.

Unha das prioridades establecidas na Lei 10/2021, de 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia, é o ámbito da acción humanitaria de emerxencia.

O V Plan Director da Cooperación Galega 2023-2026 reconece un dos ámbitos estratéxicos da cooperación galega é a promoción do exercicio dos dereitos sociais básicos, como a saúde, a educación, alimentación, hábitat y auga y saneamento básico.

(2) Antecedentes: a Asociación Galega de Axuda a Ucraína (AGA-UCRAÍNA) é unha entidade constituída a raíz da invasión rusa de Ucraína o 24 de febreiro de 2022 como medio de resposta rápida á necesidade de prestar servizos e subministracións básicas para os civís en Ucraína. Este proxecto, aínda que de recente implantación, é continuidade de actuacións anteriores, nas que enviáronse con éxito un total de 27 camiós e unhas 405 toneladas de subministracións dende o inicio do conflito. A problemática principal segue sendo o desabastecemento de produtos e insumos básicos, e a dificultade de prestación de servizos esenciais, como a atención sanitaria, sendo a estratexia de actuación a colaboración coas ONGs presentes no territorio ucraino, que son as que se encargan da identificación das persoas mais vulnerables e as súas necesidades, a atención ás mesmas, así como da compra e distribución de insumos. Neste caso, para a posta en marcha da intervención contarase coa colaboración da ONG Local Kolo Charity Foundation, que ten implementado proxectos médicos, educativos e culturais a gran escala durante mais de oito anos.



(3) Finalidade Establecer o marco de colaboración entre a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e a entidade "AGA UCRAÍNA" para a execución do proxecto "Atención sanitaria móbil nos territorios desocupados de Ucraína".

(4) O convenio ten por obxecto proporcionar á poboación dos territorios ucráinos inicialmente invadidos por Rusia e posteriormente desocupados -así como a outros núcleos illados e escasamente poboados-, un servizo de recoñecemento médico primario de alta calidade, creando un ciclo completo de prestación de servizos de exame médico sobre todo nos casos nos que a infraestrutura médica está danada pola guerra. Prevense realizar 14 saídas dunha semana, e 3.600 asistenciais médicas, beneficiando aproximadamente a 1.000 homes, 1.200 mulleres e 1.400 nenos.

(5) A especificidade das actividades obxecto do proxecto son de claro interese público e, e as partes son conscientes de que é preciso unir esforzos e establecer estratexias que dean resposta ás necesidades e os dereitos da poboación afectada polo conflito bélico.

(6) A Xunta de Galicia financiará o proxecto cunha achega total de 40.000,00 € (corenta mil euros), con cargo a aplicación orzamentaria 06.07.331A.490.0.

(7) Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

Asinado electrónicamente en Santiago de Compostela

O director xeral de Relacións Exteriores e coa UE

Jesús Gamallo Aller

